

94
 Men because they are better they are happier than. ^{to deeply} Men because
 they are not always trying after good & evil in one another &
 eating the Tree of Knowledge for Salams Gratification

Thinking as I do that the Creator of this World is a
 very Cruel Being & very a Whopper of Christ
 I cannot help laughing to know unlike the Father
 First God Almighty

come with a Thump
 on the head then
 Jesus Christ come
 with a balon to
 heal it



The Last part is an Overwhelming of Bad Other
 Science. Mental Things are above Real what is called
 Coporeal Nobody Knows of its dwelling Place it is in Fallacy &
 its existence an Importance when is the Existence Out of Mind
 or Thought when is it put in the Mind of a Fool. Some People
 Father themselves that **Que é a poesia?**

Dezasete poetas galegos responden para a Revista das Letras a unha pregunta esencial da literatura, das artes e, para moitos, da mesma vida: ¿Que é a poesía? Son Dezasete intentos de definición do que, se cadra, é indefinible. Do que foxe do entendemento racional, para agocharse na emoción e no sentimento coa complicidade dunha linguaxe. Un modo de expresión radical, ontolóxico. Latitudes alén da realidade visible. Porque poesía é todo. Subversión de todas as ordes. Último reduto para a palabra en liberdade. Instrumento de modificación da sensibilidade colectiva. Arma de comunicación masiva que se alimenta das cicatrices. Cascallo dunha civilización fracasada. Tensión entre lingua e realidade. Música en silencio, espazo en branco e significado escuro. Exercicio honesto da procura constante da verdade comunicativa. Unha das viaxes máis fecundas que pode facer a palabra. Diálogo entre o aspecto conservador, que nos vén dado pola tradición, e innovador, que nos vén dado polo inconsciente. A primeira linguaxe do ser humano, a máis primitiva. Contaminación radical na alma do lector que pode alterar a conciencia e a percepción da realidade.

Quizais a poesía sexa un funil para pasar as palabras dun recipiente a outro de boca máis estreita. Unha lente pola que se ven a luz, a escuridade, as cores. Tamén é unha raíz, é botar fóra as entrañas, vomitar. Unha catarse para os ollos, unha tumba que nos alimenta. Pode ser un peite co que alisamos o pelo para estar máis guapos, co que tamén poden peitearse os calvos. No fondo do mar a poesía é un cefalópodo, con ventosas para a empatía co mundo. Ser


poeta é arrincar o esterco, implica esforzo. Para despois esbardallalo na leira, nun infértil desexo de fertilidade. A poesía é un xogo de azar, coa probabilidade do sufrimento e do pracer. Vivir na poesía é randearse nun bambán, na ponla dun carballo. Chegar cos pés ás nubes. Aprender bailes de salón, coa elegancia dun transatlántico.

Lupe Gómez



Para **Xavier Seoane**, ningunha definición abranguería totalmente a poesía, porque a poesía non se pode definir aínda que existen definicións “extraordinarias”, coma a de Novalis cando afirma que a poesía “é o real absoluto”. A poesía, puntualiza, é unha arte a través da palabra que constitúe unha das viaxes ontolóxicas, artísticas e expresivas esenciais. Temos, asegura Seoane, a ciencia, a filosofía, as variadas artes de contar, un millón de formas de construír ou facer música, pero “ningunha arte pode substituír a poesía”. Hai aspectos existenciais, cognitivos, emotivos, nos que só a poesía pode entrar, por iso, agoira Xavier Seoane, “nunca morrerá”.

E, por outra banda, a poesía é, segundo este autor, unha das viaxes máis radicais e fecundas que pode facer a palabra, porque “tensa até os límites últimos o cárcere da linguaxe no que estamos mergullados, é un ir máis alá”.



Rafa Villar cre que “a poesía é, fundamentalmente, linguaxe, tensión entre lingua e realidade”. Interven, segundo este autor, na poesía, a razón e as emocións. “Todo o que se move arredor diso pode dar lugar á poesía, sempre coa linguaxe como instrumento”, di.

“Como persoa”, engade, “penso que me complementa. Sempre a teño moi presente, aínda que non escriba todos os días, sempre lles dou voltas ás palabras. A poesía é unha parte bastante importante da miña vida”.

“Para a sociedade”, subliña Rafa Villar, “é algo que está aí, oculto e invisible. Se desaparecera, desaparecería unha parte importante de nós como pobo, como cultura. Non lle damos a importancia que ten. Se a perdéramos, botariámola en falta”.



Fran Alonso asegura que “a poesía ten o mesmo valor que calquera outro xénero literario. A mitificación da poesía é, precisamente, o que a afastou da xente en moitos casos”.

“A poesía”, salienta, “axúdache expresar sentimentos, sensacións e emocións que non veñen do dicionario, chegar un pouco máis alá”. Ademais, como xénero, “permite unha experimentación maior. Coa poesía podes estirar a lingua, ata rompela, e as formas. Está menos suxeita á convención literaria, e á da lingua, que a narrativa”.


“A min, particularmente, sérveme para falar do que me inquieta e, sobre todo se está ben escrita, permíteme conseguir un nivel de comunicación co destinatario que non é fácil de acadar cos outros xéneros literarios”, conclúe.



Elvira Riveiro lembra que “existen moitas formas de definir a poesía pero, de todas as definicións coas que levo traballado, hai unha bastante axeitada”. Esta definición é, segundo a autora, a seguinte: “poesía é a primeira linguaxe do ser humano, a máis primitiva, a máis antiga”.

“O feito de darlle nome ás cousas, de abstraer en palabras as formas, os obxectos, iso é a poesía”, aclara a escritora de Cerponzóns.

A poesía tamén significa moito para Elvira Riveiro desde o punto de vista persoal. “Para min”, explica, “a poesía é algo que me vén dado, que se me presenta, e do que non podo, aínda que quixera, pasar como se non existira”.




A poesía é, segundo **Manuel Forcadela**, “unha forma de coñecemento na que se apela á tradición e ao coñecemento herdado, a través das lecturas e da cultura en xeral e, por outro lado, se apela ao inconsciente”. Forcadela entende, ademais que “a poesía é un diálogo entre o aspecto conservador, que nos vén dado pola tradición, e o innovador, que nos vén dado polo inconsciente”.

“Nese diálogo”, engade o autor de *Ferida Acústica en Río*, “asoma unha construción persoal na que o eu trata de situar dentro da cultura as propias pulsións a través da linguaxe”.



En opinión de **Xosé María Álvarez Cáccamo**, a poesía é “un instrumento lingüístico que garda estreita relación coa música, e que ten funcionalidades múltiples, abertas, para moitas cousas”. É, ao mesmo tempo, “un instrumento de coñecemento non estritamente racional”, engade, “que tamén serve para transmitir estados de ánimo ou visións do mundo. É un instrumento de comunicación”.


Cáccamo afirma que a poesía aínda lle serve “para indagar no meu propio eu, e descubrir claves do mundo, do meu e do colectivo, aínda que non creo na poesía como un instrumento inmediato de transformación da realidade. A longo prazo podería servir como un instrumento de modificación da sensibilidade colectiva e, en ocasións, a poesía pode ser un instrumento mesmo revolucionario, para axitar”.



Carlos Negro cre que “poesía é unha palabra que se resiste a ser consumida como produto de supermercado. É o último reduto para a palabra en liberdade”. A poesía é, tamén, para este autor, “a combinación da intuición da intelixencia e da matemática do misterio. É música e silencio, espazo en branco e significado escuro”.

“Nunha dimensión máis íntima”, engade o escritor, “é tamén como o aire para respirar, un terceiro pulmón. É un retorno á orixe do son, á busca da palabra orixinaria do principio dos tempos”.

“Non se sabe nunca de todo o que é, sempre se nos escapa”, resume.




Xosé Lois García comeza a súa resposta lembrando unha frase de Díaz Pardo; “pintura é todo”. A poesía é, entón, “casi todo, unha forma de vida, que se proxecta nun cambio do propio autor, que lle crea hábitos, sobre todo de pensar e meditar as cousas nas que a poesía se quere revelar”, asegura.

O autor chantadino indica tamén que “a poesía é un hábito que me leva a descubertas insondáveis, é todo, está en todos os lados, que che fai reflexionar sobre as cousas que estás observando, nas que a poesía se revela especialmente”.

“Na nosa sociedade”, pensa, “a poesía debería ser un hábito diario de lectura. No mundo occidental, desgraciadamente, non é unha prioridade. A min acompañame cada día”.




Miguel Anxo Fernán-Vello cre que a poesía “é un acto de irrupción da emoción e da conmoción do lector a través da lectura do poema. Non a concibo sen un tremor existencial, debe golpear no espírito do lector. Hai nela unha resonancia primitiva do ser, do animal. É unha contaminación radical na alma do lector que pode alterar a conciencia e percepción da realidade”. Por outra banda, e recollendo palabras de Mallarmé, este autor describe a “experiencia poética como un espirse cara ó descoñecido, no sentido de que é unha expresión radical do individuo e do lector que a percibe. Paul Valery di que é linguaxe nunha linguaxe. Borges falaba da poesía como un feito de comunicación esencial que debe tocarnos fisicamente como a proximidade do mar. Novalis dicía que era unha forma de pensamento e Kafka que era como clavarlle ó lector un puñal nas costas.



Daniel Salgado responde á pregunta ¿Que é poesía? aclarando que “esta é a miña resposta de hoxe. Onte foi outra, e mañá sería unha distintas das anteriores”...

Poesía é, deste xeito, “antes de máis, unha fractura, un síntoma do colapso, os primeiros corpos, as últimas noticias –pegadas, cicatrices, ecos, raíces infectadas, lápidas, sombras-. O cascallo dunha civilización fracasada e as costuras rebentadas da linguaxe. Sobre todo, que facer.”



“A poesía é”, en palabras de **María do Cebreiro**, “radical: gústalles a poucos e pertencenos a todos. É resistente: rompe coa ditadura do sentido común. Non admite ben a media voz: é para ser dita con altofalantes ou para lerlle a alguén na cama”.

“A poesía”, engade a autora de *Os hemisferios*, “é complexa como o mundo e elemental como a vida. É o escenario que fai posíbel que Brecht fale con Beckett, que Akhmátova bique a man de Maiakovski”.




A visión da poesía que ten **Emma Pedreira** é a dunha “máscara e unha mentira. O último reduto dos valores e tamén dos medos. Un lugar no que habitamos mansamente os feroces e onde hai soidade e un tremendo frío. A poesía é unha arma de comunicación masiva que se alimenta de cicatrices. É un listado de carencias e unha denuncia e un enfrontamento”. “Fundamentalmente é un berro xordo e unha danza louca coas palabras, un chorar dos dedos e un tremer da boca. Unha luz reversible e interior, ese burato negro que atrapa e consume todo. Unha ollada ao mundo e unha fuxida. Nunca saberei o que é, pero sei que nos habita”, conclúe.




“Cando teña algunha idea do que é poesía escriboche, pero é improbable”. Así de indefinible é a poesía para **Xabier Cordal**.



María do Carmo Krukenberg dá unha visión contundente da poesía: é “unha das últimas cousas que quedan no mundo cunha limpeza absoluta. Única das artes que non cobra grandes cartos. E auténticamente por amor á beleza, un sentimento moi íntimo que ten cada persoaxe. Unha chea de grandes poetas en Galicia. Catro xeracións de poetas impresionantes cunha personalidace propia fantástica. É o máis fermoso que temos no mundo. Ser capaces de gustar da beleza, dos sentimentos máis fermosos que pode haber no mundo. O meu traballo non o podo definir. Unha poesía moi social. Moi comprometida. Que sempre estiveren pensando na xustiza. Porque o home segue con esta violencia, este desacougo, esta falta de xustiza que hai no mundo. Tenme sempre presente, e o amor. O amor do ser humano. Se os homes se quixeran un pouco máis, se se respectasen máis, sen importar raza nin cor, o mundo sería unha marabilla e aínda non o vexo. A beleza da vida non se pode romper. Detesto a guerra. Négame a entendela”.



Poesía “é todo”, afirma **Antón Dobao**, “ou todo é poesía”m porque “é comunicación en estado puro. Comunicación nun nivel descoñecido, case iniciático, no que as palabras non son o que aparentan, senón que aspiran a ser o que realmente son, fóra dos procesos de expropiación a que se ve sometida a nosa capacidade comunicativa precisamente. Porque aí situaría eu precisamente, o valor da poesía nun tempo que parece estar chamado a prescindir inexorablemente dela, e para sempre. Aí, na dimensión subversiva da poesía. A subversión de todas as ordes. Da orde comunicativa e, por extensión, tamén da orde social. Iso independentemente do asunto que trate cada poema. É o texto poético como disparo contra a aparencia da comunicación humana, unha dimensión diferente desta, verdadeira, non sometida aos condicionamentos do mercado nin da orde social nin do poder. A poesía é, pois, o exercicio honesto desta procura constante da verdade comunicativa. Outra comunicación é posible”.



“Poesía é”, para **Vicente Araguas**, nin máis nin menos que “todo o que me pon, e o que me dispón”.

94

Men because they are better Angels are happier than ^{deeper} Men because
they are not always Praying after Good & Evil in one another &
eating the Tree of Knowledge for Salams Gratification
Thinking as I do that the Creator of this World is a
very Cruel Being & buy a Whipper of Christ
I cannot help saying to you Oh how much the Father

First God Almighty
come with a Trump
on his head then
Jesus Christ come
with a balm to
heal it



The last part is an Overvaluation of Bad Old
Science. Mental Things are above Real what is called
Opinion Nobody knows of its dwelling Place it is in Fallacy &
it is existence an Importance when is the Experience Out of Mind
of Thought when is it not in the Mind of a Fool. Some People
believe themselves that there will be No Last judgment &